

VAS PEDIR UN PRÉSTAMO OU CRÉDITO?

FAINO CON RESPONSABILIDADE

Ás veces pedir un préstamo ou crédito pode axudarche, por exemplo, para pagar algo importante ou empezar un proxecto.

Pero antes de decidir, debes pensar ben nestas 3 cousas:

1. PIDE SÓ O QUE NECESITES

Non pidas máis diñeiro do que necesites para empezar o proxecto que teñas en mente.

2. ENTENDE BEN O QUE VAS ASINAR

Antes de asinar, debes saber, entre outras cousas:

- Canto vas pagar de xuros?
- En canto tempo tes que devolver o diñeiro?
- Cal é a taxa anual equivalente (TAE) e o tipo de xuro nominal (TIN)?
(Axúdache a saber canto che custa un crédito ao ano).

Compara varias opcións e, si non entendes algo, pregunta. É o teu dereito.

3. REvisa os teus gastos e ingresos

Fai contas:

- Tes outras débedas?
- Poderás cumprir cada mes sen deixar de pagar cousas importantes, como a comida, a luz ou a auga?

O préstamo debe encaixar cos teus ingresos e non causarche problemas despois.

En resumo:

Pedir un préstamo ou crédito non é malo, pero é importante facelo con responsabilidade:

- Só se o precisas.
- Entendendo ben o que asinas.
- E sabendo que poderás devolvelo sen problemas.